PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 563 | VIII lexislatura | 20 de outubro de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Rexeitamento emendas totalidade do Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia [- 08/PL-0034(70036)] 163312

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.3. Mocións aprobadas

- 08/MOC-0127(71442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rego González, Ismael
Sobre a situación urbanística de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 68272, publicada no BOPG núm. 534, do 08.09.2011, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2011) 163312

3.5.4. Mocións rexeitadas

- 08/MOC-0128 (71443)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz
Sobre a situación da pobreza en Galicia e a xestión da renda de integración social (Risga). (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 68776, publicada no BOPG núm. 534, do 08.09.2011, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2011) 163312

- 08/MOC-0129(71461)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre os recortes do Goberno galego no ensino público e o incremento dos concertos educativos con centros privados para o curso 2011-2012. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 68879, publicada no BOPG núm. 534, do 08.09.2011, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2011) 163312

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNP-1388 (70877)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sobre a declaración pola Xunta de Galicia do ano 2012 como Ano de Celso Emilio Ferreiro e as actuacións que se deben levar a cabo co fin de conmemorar o centenario do seu nacemento 163313

- 08/PNP-1294 (68488)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Pacín, María Isabel, e sete deputados máis
Sobre a coordinación da Xunta de Galicia coas organizacións profesionais agrarias para crear unha organización de produtores forte e con tamaño suficiente para ter capacidade negociadora dabondo coas industrias 163313

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNP-1350 (69563)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo, e catro deputados máis
Sobre a presentación pola Xunta de Galicia dun proxecto de reestruturación do servizo de transporte escolar que optimice as liñas e rutas actuais 163313

- 08/PNP-1361(70029)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as medidas que se deben adoptar para a supresión das deputacións provinciais 163314

- 08/PNP-1370(70408)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa, e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre a anulación do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a dotación de equipamentos dese concello 163314

- 08/PNP-1390(70936)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para a elaboración dunha normativa autonómica de publicidade e transparencia dos intereses, actividades e patrimonio dos deputados e deputadas, dos altos cargos da Xunta de Galicia e do conxunto de entidades que conforman o sector público galego 163314

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-1840 (65587)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio Javier, e sete deputados máis
Sobre o inicio dos trámites para solicitar a declaración da ponte internacional de Tui, proxectada por Pelayo Mancebo, como ben de interese cultural 163314

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-1088 (41787)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a supresión das delegacións territoriais 163314

- 08/PNC-2012(69051)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel, e Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as medidas que se deben adoptar para simplificar a actual estrutura institucional da Xunta de Galicia, mellorar a coordinación político-administrativa e favorecer o recorte de gasto corrente improdutivo no ámbito institucional 163314

- 08/PNC-1905 (67187)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e Burgo López, Concepción
Sobre a necesidade de elevar o número de beneficiarios do programa Parga Pondal e garantir a continuidade das súas tarefas de investigación 163315

- 08/PNC-2042(70361)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cerviño González, Francisco Xulio, e dous deputados máis
Sobre a derrogación da Orde do 7 de setembro de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que deixa sen efecto as ordes para a concesión de subvencións ás entidades locais para a promoción e o uso da lingua galega, e para a concesión des subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios 163315

- 08/PNC-2047(70465)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Branco Parga, Carlos Fernando
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para corrixir as deficiencias existentes e realizar as reformas necesarias no Colexio de Educación Infantil e Primaria Recimil de Ferrol
163315

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Rexeitamento emendas totalidade do Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia

O Pleno do Parlamento, na súa reunión do día 10 de outubro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Rexeitamento emendas totalidade:

- 08/PL-0034(70036)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia
BOPG núm. 537, do 13.09.2011

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2011
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.3. Mocións aprobadas

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 10 de outubro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 08/MOC-0127(71442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rego González, Ismael
Sobre a situación urbanística de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 68272, publicada no BOPG núm. 534, do 08.09.2011, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2011)
BOPG núm. 552, do 04.10.2011

Sométese a votación e resulta aprobada nos seus puntos 1 e 4 pola unanimidade dos 75 deputados e deputadas presentes. Os puntos 2 e 3 resultan rexeitados por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.- Remitirlle ao Parlamento de Galicia no actual período de sesións un informe sobre a situación do urbanismo de Galicia, as medidas e as actuacións adoptadas ao respecto e o seu resultado.

2.- Impulsar o cumprimento do previsto no acordo unánime do Pleno do Parlamento de Galicia do día 9 de febreiro de 2010 para a elaboración dunha nova lei de ordenación urbanística de Galicia."

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2011
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.5.4. Mocións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 10 de outubro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/MOC-0128 (71443)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz
Sobre a situación da pobreza en Galicia e a xestión da renda de integración social (Risga). (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 68776, publicada no BOPG núm. 534, do 08.09.2011, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2011)
BOPG núm. 552, do 04.10.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0129(71461)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre os recortes do Goberno galego no ensino público e o incremento dos concertos educativos con centros privados para o curso 2011-2012. (Moción, a consecuencia da Inter-

pelación núm. 68879, publicada no BOPG núm. 534, do 08.09.2011, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2011)
BOPG núm. 552, do 04.10.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2011
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 10 de outubro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 08/PNP-1388 (70877)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sobre a declaración pola Xunta de Galicia do ano 2012 como Ano de Celso Emilio Ferreiro e as actuacións que se deben levar a cabo co fin de conmemorar o centenario do seu nacemento
BOPG núm. 549, do 29.09.2011

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 75 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

" O Parlamento insta a Xunta a:

1.- Declarar o ano 2012 como Ano de Celso Emilio Ferreiro e a destacar o seu labor como renovador da literatura galega e a súa actividade política e literaria de compromiso con Galicia en defensa das liberdades democráticas.

2.- Esta declaración incluirá actuacións de promoción e difusión da súa biografía e obra e procurará a implicación de institucións públicas e culturais, singularmente a Fundación Celso Emilio Ferreiro, co fin de conmemorar o centenario do seu nacemento.

3.- A Xunta de Galicia elaborará preferentemente antes do 4 de xaneiro de 2012 o catálogo das actuacións que se levarán a cabo durante o ano para coñecer a figura e obra de Celso Emilio."

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 08/PNP-1294 (68488)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Pacín, María Isabel, e sete deputados máis
Sobre a coordinación da Xunta de Galicia coas organizacións profesionais agrarias para crear unha organización de produtores forte e con tamaño suficiente para ter capacidade negociadora dabondo coas industrias
BOPG núm. 534, do 08.09.2011

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 75 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que traballe en coordinación coas organizacións profesionais agrarias para crear unha organización de produtores forte e cun tamaño suficiente para ter capacidade negociadora coas industrias."

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2011
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 10 de outubro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNP-1350 (69563)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo, e catro deputados máis
Sobre a presentación pola Xunta de Galicia dun proxecto de reestruturación do servizo de transporte escolar que optimice as liñas e rutas actuais
BOPG núm. 539, do 15.09.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 08/PNP-1361(70029)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as medidas que se deben adoptar para a supresión das deputacións provinciais
BOPG núm. 543, do 21.09.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 12 votos a favor, 38 en contra e 25 abstencións.

- 08/PNP-1370(70408)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa, e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre a anulación do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a dotación de equipamentos dese concello
BOPG núm. 543, do 21.09.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 08/PNP-1390(70936)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para a elaboración dunha normativa autonómica de publicidade e transparencia dos intereses, actividades e patrimonio dos deputados e deputadas, dos altos cargos da Xunta de Galicia e do conxunto de entidades que conforman o sector público galego
BOPG núm. 549, do 29.09.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2011
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na reunión do 19 de outubro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións:

- 08/PNC-1840 (65587)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio Javier, e sete deputados máis
Sobre o inicio dos trámites para solicitar a declaración da ponte internacional de Tui, proxectada por Pelayo Mancebo, como ben de interese cultural
BOPG núm. 489, do 14.06.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites para solicitar a declaración da ponte internacional de Tui proxectada por Pelayo Mancebo como ben de interese cultural".

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2011
Ricardo Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 18 de outubro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1088 (41787)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a supresión das delegacións territoriais
BOPG núm. 304, do 02.09.2010

- 08/PNC-2012(69051)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel, e Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as medidas que se deben adoptar para simplificar a actual estrutura institucional da Xunta de Galicia, mellorar a coordinación político-administrativa e favorecer o recorte de gasto corrente improdutivo no ámbito institucional
BOPG núm. 536, do 12.09.2011

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2011
Ricardo Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na reunión do 19 de outubro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1905 (67187)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e Burgo López, Concepción
Sobre a necesidade de elevar o número de beneficiarios do programa Parga Pondal e garantir a continuidade das súas tarefas de investigación
BOPG núm. 514, do 29.07.2011

- 08/PNC-2042(70361)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cerviño González, Francisco Xulio, e dous deputados máis
Sobre a derrogación da Orde do 7 de setembro de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que deixa sen efecto as ordes para a concesión de subvencións ás entidades locais para a promoción e o uso da lingua galega, e para a concesión des subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios
BOPG núm. 542, do 20.09.2011

- 08/PNC-2047(70465)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Branco Parga, Carlos Fernando
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para corrixir as deficiencias existentes e realizar as reformas necesarias no Colexio de Educación Infantil e Primaria Recimil de Ferrol
BOPG núm. 542, do 20.09.2011

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2011
Ricardo Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727